



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

O activismo lingüístico de Séchu Sende a través da súa obra narrativa: Estudo comparado dos repertorios temáticos e estilísticos en *Made in Galiza* e *A República das Palavras*.

Uxía Ferreiro Vilariño

2021

Orientador:

Isaac Lourido Hermida

Visto do Orientador:

## Índice

Resumo.....	ii
Introdución.....	1
1. A traxectoria de Séchu Sendé no sistema literario galego.....	3
2. Activismo lingüístico a través da literatura: análise de repertorios temáticos e estilísticos.....	8
2.1. <i>Made in Galiza</i> .....	10
2.1.1. Descrición e análise de repertorios temáticos.....	11
2.1.2. Descrición e análise de repertorios estilísticos.....	17
2.2. <i>A República das Palavras</i> .....	23
2.2.1. Descrición e análise de repertorios temáticos.....	25
2.2.2. Descrición e análise de repertorios estilísticos.....	30
3. Conclusións.....	33
4. Bibliografía.....	36

## Resumo

O principal obxectivo deste traballo é analizarmos a importancia do activismo lingüístico de Séchu Sendé na súa produción literaria, tomando como obxecto de estudo as obras *Made in Galiza* (2007) e *A República das Palavras* (2015), e pondo especial atención aos principais repertorios temáticos e estilísticos de ambas as obras.

Canto á metodoloxía empregada realizamos unha revisión da bibliografía crítica precedente para reconstruírmos a traxectoria do autor. Aliás, tamén recorreremos ao uso da teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar co fin de elaborarmos a traxectoria de Sendé desde unha perspectiva máis conceptual e, finalmente, procedemos á creación dunha base de datos (BD) co programa Excel para clasificarmos a información sobre as obras estudadas de forma clara e rigorosa, facilitando a creación de gráficas que serán de axuda á hora de esquematizarmos e mostrarmos a información obtida.

O traballo estrutúrase, por tanto, da seguinte forma: primeiro, ofrécese a traxectoria literaria de Sendé e todas as diferentes fases que esta atravesará. Tamén se inclúe a faceta do autor como activista lingüístico e social, enumerando as diversas plataformas sociais ás que estivo vinculado e os proxectos actuais que iniciou, focados principalmente na defensa da lingua galega e do ecoloxismo. A seguir, procédese á análise e comparación dos repertorios temáticos e estilísticos de *Made in Galiza* (2007) e *A República das Palavras* (2015).

Así, os procesos anteriormente mencionados permitíronnos tirar varias conclusións. En primeiro lugar, comprobamos cales son os principais trazos que caracterizan a traxectoria de Séchu Sendé, compromiso coa lingua e denuncia social, e cal é a situación que ocupa no sistema literario galego, evolucionando desde a periferia até unha posición máis central para logo voltar á periferia. En segundo lugar, constatamos a importancia do activismo lingüístico e social do autor nas dúas obras estudadas e, por

último, comprobamos as diferenzas e semellanzas temáticas e estilísticas entre ambos os libros estudados.

## Introdución

A traxectoria literaria de Séchu Sende está fortemente influenciada pola loita lingüística e social do autor. Desde os seus inicios vinculado ao rompedor colectivo poético Serán Vencello na década de 90 até a actualidade, a carreira literaria de Sende experimentou diversos cambios, mais o seu activismo lingüístico sempre estivo presente na maior parte das súas obras. Así, dito compromiso coa lingua constituirá o noso principal obxecto de estudo, comparando os repertorios temáticos e estilísticos das obras *Made in Galiza* (2007) e *A República das Palavras* (2015).

Os obxectivos principais deste traballo son, en primeiro lugar, situarmos a traxectoria de Séchu Sende no sistema literario galego das últimas décadas. En segundo lugar, coñecermos a relevancia do activismo lingüístico, a través da literatura, na traxectoria do autor, e, finalmente, identificarmos e analizarmos os principais repertorios temáticos e estilísticos das dúas obras estudadas.

Canto á metodoloxía empregada para o desenvolvemento deste traballo, realizamos unha revisión da bibliografía crítica precedente para reconstruírmos a traxectoria do autor, nomeadamente a obra *Livros que nom le ninguem* (2014) de Isaac Lourido. Aliás, tamén recorreremos ao uso da teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar co fin de elaborarmos a traxectoria de Sende desde unha perspectiva máis conceptual, permitindo unha comprensión máis detallada de como funciona a literatura a través da explicación de conceptos clave como *sistema literario*, *repertorio* ou a distinción entre *centro/periferia*.

Even-Zohar define o *sistema literario* como “La red de relaciones hipotetizadas entre una cierta cantidad de actividades llamadas ‘literarias’, y consiguientemente esas actividades mismas observadas a través de esta red” (2017: 29). Xa que o estudo principal do noso traballo estará focado na análise de repertorios, temáticos e estilísticos,

entendemos o concepto de *repertorio* definido por Even-Zohar como: “un conjunto de reglas y materiales que regulan tanto la construcción como el manejo de un determinado producto, o en otras palabras, su producción y su consumo”. (2017: 127).

Após unha detida lectura das obras, tamén se procedeu á creación dunha base de datos (BD) para sistematizarmos toda a información referida ás dúas obras estudadas (título de cada un dos textos, obra en que se insiren, xénero ao que pertencen e norma ortográfica en que están escritos), incluída a referida aos repertorios temáticos e estilísticos. En primeiro lugar, realizouse unha análise global dos repertorios, isto é, estableceuse cales eran os temas e os recursos estilísticos mais frecuentes en cada obra, como por exemplo o conflito lingüístico, as vivencias persoais ou a denuncia social. A seguir, procedeuse á análise concreta de exemplos e comparación entre as dúas obras.

Así, nas seguintes páxinas daremos conta dos tres obxectivos previamente mencionados seguindo a seguinte estrutura: No primeiro capítulo, analizaremos a traxectoria literaria de Séchu Sende a partir da xa mencionada teoría dos polisistemas, observando as diferentes posicións ocupadas no sistema literario galego nas últimas décadas, con base en criterios como as editoriais en que publicou, os premios que recibiu ou as súas escollas ortográficas. No segundo capítulo, procederemos á explicación do funcionamento da base de datos seguida dunha introdución sintética sobre cada obra, para logo ofrecermos unha análise diferenciada e unha comparación de repertorios temáticos e estilísticos de cada libro e tirarmos unhas conclusións finais.

## 1. A traxectoria de Séchu Sende no sistema literario galego

Xosé Luís González Sende, nado en Padrón o 21 de xuño de 1972, máis coñecido como Séchu Sende, iniciou a súa traxectoria como poeta, vinculado ao colectivo poético Serán Vencello, que funcionou en Compostela nos primeiros anos da década de 1990. Os integrantes deste colectivo son definidos polo profesor Isaac Lourido en *Livros que nom le ninguem* como “partidários da dessacralización da poesía, da nom restrición do poético ao formato libro e à lectura íntima e transcendente, da poesía dita em voz alta fora dos cenáculos propriamente literários” (2014: 114). Así, podemos definir Serán Vencello como un colectivo poético que aposta pola defensa dunha nova forma de entender a poesía, máis dinámica e interactiva, e cuxos membros contribuíron na constitución do movemento poético dos 90, denominados pola crítica especializada como xeración ou poesía de 90. Durante esta época, tiveron lugar unha serie de acontecementos sociais e culturais que permitiron unha redefinición do lugar da poesía no espazo público e favoreceron á creación de colectivos como o Batallón Literario da Costa da Morte, de publicacións como *Ólisbos* ou de proxectos editoriais como Letras de Cal<sup>1</sup>, en que Séchu Sende, alén de ser promotor, publica o seu primeiro poemario, *Odiseas*, en 1998.

A comezos da década de 2000, Sende inicia a súa carreira como narrador. En 2004, publícase na Editorial Galaxia o seu primeiro romance, *Orixes*, o cal xa fora galardoado o ano anterior co XXII Premio Blanco Amor, un dos premios máis significativos do sistema literario galego contemporáneo dos dedicados á narrativa. Tres anos máis tarde, en 2007, o autor dá a lume a súa obra máis coñecida, *Made in Galiza*. Este libro, constituído por un heteroxéneo conxunto de textos breves, e que será obxecto de análise máis adiante

---

<sup>1</sup> Letras de Cal (Santiago de Compostela, 1997-2002) foi un proxecto editorial cooperativo, vinculado á Asociación Cultural Amaía. Formado maioritariamente por autores novos, a editora funcionou como un proxecto aberto, participativo e sen ánimo de lucro que tomaba as decisións de forma asemblearia. O principal obxectivo era publicar *ópera prima*, converterse en mediadores entre os poetas e o público - nomeadamente o máis novo- e traspasar os límites de ambientes e orientacións académicas. (Seara 2020).

neste traballo, converteuse en lectura obrigatoria en diversos centros de ensino secundario e estableceuse como obra de referencia entre sectores implicados no activismo en defensa da lingua galega. Isto fixo que acadase un grande éxito canto a vendas e causou un grande impacto social, até o punto de se erixir como un texto central para o deseño de actividades vinculadas coa normalización lingüística. *Made in Galiza*, aliás de recoller algúns relatos sobre a ecoloxía ou o sentido da vida, constitúe esencialmente unha clara denuncia do conflito lingüístico e ten como obxectivo a defensa do idioma, mais desde unha perspectiva innovadora e impregnada dun forte didactismo. Sende aposta por unha alternativa pedagóxica para a lingua, entendendo o ámbito do ensino como escenario principal do conflito lingüístico, e reconece os neofalantes como suxeitos esenciais para a recuperación do galego, de aí que varios relatos estean dedicados a eles. Cómpre salientarmos que é nesta obra en que introduce a normativa reintegracionista (só nalgúns dos textos) por primeira vez. Este feito é moi significativo, xa que Galaxia non publica obras nunha ortografía diferente á oficial.

Alén do forte impacto social da obra e do seu éxito, que fica claramente reflectido nas once edicións que tivo o libro entre 2007 e 2017, e a concesión do Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores á mellor obra do ano, cómpre tamén salientarmos a tradución total ou parcial de *Made in Galiza* ao turco, ao curdo, ao éuscaro e ao catalán<sup>2</sup>, linguas as tres últimas que sofren situacións semellantes ao caso galego. E é que Sende presenta un compromiso activo na exportación do seu discurso a determinados contextos que tamén atravesan conflitos culturais e lingüísticos. É precisamente este tipo de experiencia a que constitúe o seu libro, *Viagem ao Curdistám para apanhar estrelas*

---

<sup>2</sup> Tradución ao turco por Xosefa Baamonde e İrfan Guler. Ed. Avesta, 2010.

Tradución ao curdo baixo o título de *Di xewnan de jî ez ê zimanê xwe wînda nekim*. Ed. Avesta, 2010.

Tradución ao éuscaro co título de *Made in Galiza* por Txerra Rodríguez, Ed. Txalaparta, 2012

Tradución ao catalán por Mònica Lourdes Boixader Arbo co título de *La venedora de paraules*. Ed. RBA, 2015.



(autoeditado, 2012), un diario de viaxe realizado polo autor para presentar na Feira do Libro de Istambul a tradución ao turco de *Made in Galiza* e para coñecer de primeira man a represión que estaba a sufrir a lingua curda.

A progresiva aposta do autor polo reintegracionismo constitúe outro punto digno de salientar, pois será a normativa que empregará nas súas catro últimas obras: o libro de poemas *Animais* (Através Editora, 2010), o conto *O caçador de bruxas* (Edicións do Trece, 2011), *Viagem ao Curdistám* (autoeditado, 2012) e *A República das Palavras* (Através Editora, 2015). No entanto, cómpre repararmos en que, mesmo dentro do reintegracionismo, Sende ten un perfil específico, menos vinculado á vertente filolóxica e máis próximo ao compoñente social, en consonancia co seu activismo para a defensa e promoción do galego. Nunha entrevista concedida ao *Novas da Galiza*, Sende explica cales foron os principais motivos que o impulsaron a apostar pola normativa reintegracionista:

o reintegracionismo passou a ser um movimento chave no processo de revitalização da nossa língua. Cada vez torna-se mais evidente que marginalizar parte da irmandade do movimento normalizador só porque escreve com letras diferentes é algo que nom nos podemos permitir. Eu, depois de dar aquele passo aos 16 anos e porme a falar galego desde o castelhano por razons de justiça social e por participar dum processo de desenvolvimento para o meu país a partir da nossa língua, alguns anos depois voltei dar um passo no mesmo sentido e passei para o lado da gente que defende a justiça social e os direitos civis e, também umha melhora social, cultural e económica para o nosso país a partir da nossa língua, desta vez escrita com NH, com todas as possibilidades do galego patrimonial e todas as oportunidades do galego internacional (Rivas 2013: 28)

Alén do seu compromiso coa lingua, o activismo social de Séchu Sende debe ser vinculado co ecoloxismo e coas mobilizacións impulsadas na última década polas plataformas Nunca Máis e Galiza Non Se Vende. O autor participou na asemblea fundacional da Plataforma Contra a Burla Negra, unha agrupación de artistas organizada especificamente para a denuncia da catástrofe ecolóxica, política, social e económica causada polo afundimento do Prestige (2002) e a má xestión política do suceso, a cal

provocaría unha onda de protestas que conducirían á saída do poder de Manuel Fraga en 2005.

Sende foi tamén unha das caras visíbeis da plataforma independentista Causa Galiza (2005-2012). O autor presentou, por exemplo, o lanzamento do chamado Acordo Democrático Nacional, en decembro de 2010, e conduciu xunto coa tamén escritora Andrea Nunes Brións o acto que cerrou a manifestación do 25 de xullo de 2011.

Se analizamos a traxectoria literaria de Séchu Sende desde a teoría dos polisistemas deseñada por Itamar Even-Zohar e a teoría dos campos sociais e culturais de Pierre Bourdieu, isto é, se temos en conta as relacións entre axentes e produtores, as institucións, os repertorios e os modelos de acción social cos que se relacionan, poderemos observar como a súa produción literaria avanza desde a periferia, nos seus inicios como poeta e publicando en editoras pequenas como Letras da Cal, até unha posición máis central, con obras como *Orixe* ou *Made in Galiza*, ambas galardoadas con importantes premios como o XXII Premio Blanco Amor e o Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores á mellor obra do ano, respectivamente. Cómpre salientarmos que parte do éxito do que gozaron estas obras ten a ver co feito de seren publicadas nunha editorial de prestixio como Galaxia, o que supón unha maior produción, un maior número de lectores e, por tanto, unha maior popularidade e ingresos. Porén, nos últimos anos, a aposta polo reintegracionismo de Sende, volta colocar a produción literaria do autor na periferia, e disto dá conta a súa recorrencia a proxectos editoriais como Através Editora ou Edicións do Trece, ou a autoedición, para a publicación dos seus últimos traballos.

Alén disto, e desde unha perspectiva de análise dos movementos sociais que pode impulsar a poesía, é posíbel percibir na traxectoria de Sende “[...] unha predisposición

crecente à participación activa, através da creación e da dinamización cultural, no campo dos movementos sociais menos institucionalizados” (Lourido 2014: 124).

Un exemplo desta última tendencia sería a participación de Séchu Sende como promotor dunha rede de “escolas cooperativas” monolingües en galego, Semente. As Escolas de Ensino Galego Semente son unha iniciativa social sen ánimo de lucro, impulsada polo centro social A Gentalha do Pichel, situado en Compostela, que pretende conformar, xunto con outros proxectos semellantes, as bases necesarias para a creación da Escola Nacional Galega. Estes centros de ensino desenvolven todas as súas actividades en galego, posto que o seu principal obxectivo é a total inmersión lingüística no noso idioma. Aliás, estas escolas pretenden ser un espazo dunha pedagogía transformadora, fomentando a creatividade e a innovación entre o alumnado. Constitúen un espazo laico, cunha educación baseada na igualdade de xénero e na interacción coa natureza.

Alén disto, Sende tamén está vinculado na actualidade coa recuperación e a promoción da regueifa. Precisamente, nas Escolas de Ensino Galego Semente a introdución da práctica pedagóxica a través do ensino da improvisación oral en verso contou cun grande éxito. En 2015, por exemplo, Semente Compostela anuncia a nova edición de cursos para crianzas e, entre as principais novidades, figura o curso de *Estimulación com rima e regueifa*, sendo o propio Sende unha das persoas que o impartiu. No fin de semana do 7 e 8 de abril de 2018, tiveron lugar uns obradoiros organizados pola Semente Lugo, baixo o nome de *Regueifa 2.0 educando em igualdade*, e, durante o curso 2018-2019, a Semente Compostela puxo en marcha a iniciativa *regueitubeiras*, cuxo

obxectivo principal consistía na elaboración de vídeos-documentais en que se abordasen diferentes aspectos da regueifa na actualidade<sup>3</sup>.

## **2. Activismo lingüístico a través da literatura: análise de repertorios temáticos e estilísticos**

Co obxectivo de clasificarmos a información que nos interesa extraer de acordo cos obxectivos establecidos, e sustentarmos a análise dunha maneira máis rigorosa, procedeuse á elaboración dunha base de datos (BD) elaborada co programa Excel<sup>4</sup>. Trátase dunha base de datos simplificada de só dúas follas creada co propósito de sistematizar os temas e estilos que aparecen nas diferentes obras e saber que repertorios son mais frecuentes en cada unha, se se observa unha evolución etc. Outrosí, o feito de termos toda esta información clasificada permitíranos facer gráficos, estatísticas e outro tipo de representacións.

A primeira folla, ou “folla básica” (ver imaxe 1) está composta por varias columnas agrupadas en bloques de diferentes cores. Hai un primeiro bloque de columnas (cor amarela) en que aparecen rexistrados os datos básicos de cada texto que estudamos, isto é, o título do relato ou texto creativo autónomo, a obra á que pertence e o seu xénero literario, así como a norma ortográfica en que están escritos (esencialmente RAG ou AGAL). No conxunto da base de datos teremos tantos rexistros como textos conteñen en total as dúas obras analizadas.

A seguir, hai un segundo bloque de columnas (cor verde) que fai referencia a repertorios temáticos (RT1, RT2, RT3). Para cada texto estableceuse un máximo de tres

---

<sup>3</sup> O traballo de Xíán Naia Sánchez (2019) estuda a relación de Sende coa revitalización da regueifa, a través das iniciativas mencionadas e doutras como o proxecto Regueifesta.

<sup>4</sup> A base de datos pode ser consultada na seguinte ligazón: [https://udcgal-my.sharepoint.com/:x/g/personal/uxia\\_ferreiro\\_udc\\_es/EXeoX1u\\_uCZHk-vS9h7xFPkBWJf43ekVh6SbvyU5W-O3qg?e=UwUr5D](https://udcgal-my.sharepoint.com/:x/g/personal/uxia_ferreiro_udc_es/EXeoX1u_uCZHk-vS9h7xFPkBWJf43ekVh6SbvyU5W-O3qg?e=UwUr5D)

repertorios temáticos, ordenados por grao de importancia, sendo así o RT1 o tema principal e o RT2 e o RT3 os secundarios.

Hai tamén un terceiro bloque de columnas (cor azul) que fai referencia a repertorios estilísticos (RE). Ao igual que no caso anterior, establecéronse até un máximo de tres, ordenados por grao de importancia.

A “columna de notas” é un campo máis libre destinado a facer anotacións sobre aqueles textos que non encaixan en ningunha columna mais que posúen unhas características que cómpre salientarmos, xa que poden ser interesantes á hora de analizar un relato en particular, como poden ser a omisión de guións nos diálogos entre personaxes, o feito de un texto narrativo presentar un estilo teatral, a anotación de conceptos que poidan resultar úteis para unha análise máis detida do relato etc.

Título	Obra	Xénero	Ortografía	RT1	RT2	RT3	RE1	RE2	RE3	Notas
O ladrón de palabras	MGaliza	Narrativa	RAG	Confling			Alegoría			Substi. Ling
O home aforcado	MGaliza	Narrativa	RAG	Morte			Alegoría			
A cabeza voadora	MGaliza	Narrativa	RAG	Capitalismo			Alegoría			Estrés
Madriñth	MGaliza	Narrativa	ESP	Diglosia	Identidade		Alegoría			Ironía Colonización
A fábrica de palabras	MGaliza	Narrativa	RAG	Capitalismo			Denuncia			ColonizacionSubsling
Unha palabra común	MGaliza	Narrativa	RAG	Confling			Denuncia			SubsLing
A lingua máis difícil	MGaliza	Narrativa	RAG	Diglosia			Denuncia	Humor		Ironía
O can de sabucedo	MGaliza	Narrativa	RAG	Sociopolítica			Denuncia			Muller Preconcep
Os homes das sulfatadoras	MGaliza	Narrativa	RAG	Ecoloxismo			Denuncia			
O señor do traxe gris	MGaliza	Narrativa	RAG	Ecoloxismo	Sociopolítica		Denuncia			Colonización
Dióxenes	MGaliza	Narrativa	RAG	Ecoloxismo			Denuncia			Emigración
Ás veces sinto que [...]faltan palabras	MGaliza	Poesía	RAG	Diglosia			Denuncia			
Na oficina de obxectos perdidos	MGaliza	Narrativa	RAGEsp	Neofalantes			Diálogo			Obsesión
UF	MGaliza	Narrativa	RAG	Amor			Diálogo	Metaling		Xogo. D.pal
A agulla de marear	MGaliza	Narrativa	RAG	Infancia			Diálogo	Humor		As intervecn Parodia
Unha muller e un home no camiño	MGaliza	Narrativa	RAG	Identidade			Diálogo			Non é propiamente un gu
Falar en soños	MGaliza	Narrativa	RAG	VivPers			Diálogo			Dereito á intimidade
A vendedora de palabras	MGaliza	Narrativa	RAG	Lingua			Diálogo	Humor		Ironía
As linguas de fume	MGaliza	Narrativa	RAG	Lingua	Mocidade		Diálogo	Alegoría		
Falar	MGaliza	Narrativa	RAG	Diglosia	Infancia		Monólogo	Humor		
Eu fixen ougha co espírito de Caste	MGaliza	Narrativa	RAG	Neofalantes			Monólogo	Humor		Miseria

**Imaxe 1:** Folla básica sobre *Made in Galiza* (vista parcial)

A segunda folla que compón a BD é a de repertorios. Para a súa creación, partiuse dunha listaxe inicial de nove repertorios temáticos e oito estilísticos, así como de seis posibilidades de clasificación segundo o xénero, a partir do coñecemento previo sobre a obra. Con todo, esa listaxe inicial tivo de ser adaptada (ampliando ou fusionando

categorías) a partir da análise dos textos concretos. Deste xeito, hai unha primeira columna (cor azul) que inclúe os temas principais dos textos (uns catorce en total), seguidos da columna “códigos”, que contén as abreviaturas correspondentes dos termos mais longos. Séguese exactamente a mesma estrutura para contabilizar os repertorios estilísticos principais (cor verde), que son: “monólogo”, “diálogo”, “parábola”, “alegoría”, “humor” e “denuncia”. A isto temos de sumarlle a unha categoría especial, “outros xéneros” (OutXen), a cal engloba unha serie de repertorios estilísticos máis secundarios que son nomeados na columna “Xéneros” (cor violeta). Tamén se inclúe unha columna destinada á definición dalgúns termos (cor laranxa) co fin describirmos e diferenciarmos aqueles que poidan xerar confusión ao compartiren significados moito próximos.

REPERTORIOS TEMÁTICOS	Código	REPERTORIOS ESTILÍSTICOS	Código	Descrición	XÉNEROS
Diglosia		Monólogo			Narrativa
Conflicto lingüístico	ConfLing	Diálogo			Poesía
Neofalantes		Parábola		Narrativa curta protagonizada por seres humanos que, mediante o emprego de	
Infancia		Alegoría		"representação de uma realidade abstrata através de uma realidade concreta, p	
Mocidade		Humor			
Amor		Denuncia			
Capitalismo		Outros xéneros	OutXen		
Identidade					OutXen
Ecoloxismo					Entrevista
Vivencia persoal	Vivpers				Debate
Sociopolítica					Instrucións
Lingua					Prospecto
Lingua Galega	LinGal				Lema/Decla
Morte					Anuncio
					Informe

**Imaxe 2:** Folla de repertorios de *Made in Galiza* (vista parcial)

### 2.1. *Made in Galiza*


*Made in Galiza* é a segunda novela de Séchu Sendé, publicada por primeira vez en maio de 2007 pola editorial Galaxia. A obra, formada por un total de corenta e dous textos creativos, recibiu o premio Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores á mellor obra do ano e colleitou un grande éxito, como así o reflicten as once edicións que tivo o libro entre 2007 e 2017. *Made in Galiza*, presenta unha gran variedade de repertorios temáticos, que van desde cuestións como o ecoloxismo, a crítica ao

capitalismo ou a sociopolítica, até as vivenciais persoais, o amor ou o sentido da vida. Con todo, a crítica destacou como principal obxectivo da obra a denuncia do conflito lingüístico na nosa terra e a defensa do idioma, mais desde unha perspectiva innovadora e impregnada dun forte didactismo.

A partir do traballo de clasificación que fixemos na BD, verificamos que a maior parte dos textos pertencen ao xénero narrativo, aínda que hai tamén un poema e outros formatos máis específicos como a entrevista, que aparece dúas veces, ou o debate, as instrucións, o prospecto, os lemas, o anuncio e o informe, que só contan cun exemplo. A norma ortográfica predominante nos textos é a da Real Academia Galega, con todo, tamén hai dous textos escritos segundo a normativa reintegracionista: “Um lugar sem palavras” (Sende 2007: 103-107) e “Nh Positivo” (Sende 2007: 127-130), aínda que neste último se combinan ambas as normativas. Cómpre tamén mencionarmos a presenza do español nalgúns dos textos. O español é empregado deliberadamente polo autor para a caracterización de certos personaxes co obxectivo de dotar o relato dun maior realismo. Por exemplo, en “Na oficina de obxectos perdidos” (Sende 2007: 17-19), o protagonista é un castelanfalante que quere voltar a falar galego. En “O paracaídas” (Sende 2007: 149-151), emprégase o castelán para caracterizar aqueles personaxes que ao emigraren a espazos urbanos mudan o galego polo español debido aos preconceitos lingüísticos e sociais. Hai tamén un relato escrito exclusivamente en español que leva por título “Madrith”, en que se reflicte o conflito lingüístico galego extrapolado ao español e a Madrid, co fin de crear unha maior impresión e denunciar a opresiva situación que sofre a nosa lingua e demostrar, ao mesmo tempo, que o galego, ao igual que o español, é un símbolo de identidade que aliás permite a comunicación con xente doutros países.

### **2.1.1. Descrición e análise de repertorios temáticos**

A partir da base de datos realizada en Excel creáronse un total de catro gráficas. Dúas delas teñen a ver cos repertorios temáticos, xerándose así unha primeira gráfica máis xeral que engloba todos os repertorios temáticos que se encontraron na obra após unha detida lectura de cada un dos relatos, e unha segunda gráfica que inclúe unicamente os temas que aparecen como principais nos diferentes textos. Como repertorios temáticos totais recolléronse os seguintes:




**Imaxe 3:** Repertorios temáticos totais en *Made in Galiza*

O recollido nesta gráfica reafirma as observacións previas da crítica especializada: se ben é certo que *Made in Galiza* presenta unha variedade temática relativamente ampla, o seu obxectivo principal é, esencialmente, a defensa da lingua galega e a denuncia do conflito lingüístico na nosa terra. Dos quince temas totais presentes na obra, cinco teñen a ver directamente coa situación lingüística (diglosia, conflito lingüístico, neofalantes, lingua, lingua galega). Dito doutro xeito, dos corenta e dous relatos que compoñen este libro, dezasete teñen como tema principal a lingua galega, os seus falantes ou o conflito lingüístico. A estes dezasete relatos temos de sumarlle outros que tamén tratan a cuestión lingüística mais dunha forma máis secundaria, como por exemplo “Eu nunca serei yo”



(Sende 2007: 109) ou “Nin en soños vou perder a miña lingua” (Sende 2007: 57-59), cuxos temas principais serían a identidade e a infancia respectivamente. Podemos ver todo isto representado de forma máis clara na seguinte gráfica:



**Imaxe 4:** Repertorios temáticos principais en *Made in Galiza*

Após a contabilización dos temas con maior presenza na obra, analizáronse catro textos representativos dos repertorios temáticos que aparecen máis veces como repertorios principais nos diferentes textos.

O relato “Unha palabra común” (Sende 2007: 43-46) aborda o tema do conflito lingüístico dunha maneira orixinal e metafórica, en que a través da personificación das palabras se nos mostra o problema da substitución lingüística na Galiza. Aquí, a protagonista é unha palabra galega, que viría a representar a calquera galegofalante, que narra en primeira persoa como a cada vez maior presenza do español na Galiza está a ameazar a supervivencia do galego na súa propia terra. Para deixar clara a seriedade do problema, represéntase o proceso de colonización lingüística como se dunha invasión bélica se tratase. Na primeira parte do relato, predomina o medo. A reacción que ten a palabra galega cando un castelanismo chama á súa porta transmite con total claridade a

sensación de pánico que esta experimenta e o ambiente hostil en que o galego se encontra: “aquele castelanismo que me fixo suar de medo na miña propia casa viña coa intención de me facer desaparecer. É un temor que teño desde hai algúns anos, cando comezou lentamente a invasión dos castelanismos” (Sende 2007: 44).

A seguir, a palabra comeza a narrar como se desenvolveu o lento proceso de colonización lingüística na Galiza ao longo dos séculos e como a escasa resistencia ante esta invasión conduciu á situación actual. A propia protagonista admite a súa complicidade no avance do proceso de substitución lingüística ao ignorar a seriedade do conflito nun primeiro momento:

Eu [...] ao principio non me preocupei demasiado, penso que por egoísmo. Non me afectaba. Aínda que cando as miñas veciñas do 3º A e do 2º B desapareceron e comecei a ver saír e entrar dos seus pisos dous castelanismos, comecei a pensar que preocuparse polo que pasaba ao meu redor era necesario, porque todo nos afecta a todas. (Sende 2007: 45)

Esta reacción tan humana, e seguindo coas comparacións con outras invasións, aseméllase moito a actitude xa anos antes denunciada polo pastor luterano Martin Niemöller ante a ocupación nazi:

First, they came for the Communists, and I did not speak out because I was not a Communist. Then, they came for the Socialists, and I did not speak out because I was not a Socialist. Then, they came for the trade unionists, and I did not speak out because I was not a trade unionist. Then, they came for the Jews, and I did not speak out because I was not a Jew. Then, they came for me, and there was no one left to speak out for me<sup>5</sup>.

Ao final do relato, a palabra cambia totalmente de actitude e decide deixar de ignorar a situación para lle facer fronte ao problema. Di que non está soa, que moitas outras palabras tamén comparten a súa causa e que defenden o galego todos os días, xa sexa falándoo nas fábricas, nas escolas, nos autobuses, nas empresas ou nos mercados, ou manifestándose nas rúas. Así, nesta historia apreciamos un modo específico de

---

<sup>5</sup> O texto foi tomado da seguinte páxina web: <https://www.hmd.org.uk/resource/first-they-came-by-pastor-martin-niemoller> [consult. 19.05.2021]. Constitúe unha das varias versións recollidas ao longo de varias décadas, ben en prosa, ben en verso desta coñecida intervención de Niemöller.

desenvolver o repertorio temático do conflito lingüístico a partir dunha das súas manifestacións máis recoñecíbeis, o proceso de substitución lingüística na Galiza. Polo tratamento que se dá, con repertorios estilísticos ligados à denuncia, e polo ton en xeral didáctico do libro, desenvólvese un convite ao público lector a facerlle fronte, principalmente falando a lingua e tamén loitando pola súa defensa a través do activismo social .

Precisamente, outro relato focado na importancia do proceso de revitalización da lingua é “Na oficina de obxectos perdidos” (Sende 2007:17-19). Séchu Sende é plenamente consciente da importancia que teñen os neofalantes na supervivencia do idioma. É por iso que cinco dos textos están exclusivamente dedicados a eles. Neste caso, o protagonista da historia é un home da zona de Malpica que acode a unha oficina para recuperar a súa lingua. O home, orixinalmente galegofalante, mudara ao español cando coñecera a súa muller na discoteca dunha cidade. O protagonista interiorizara o concepto de que o galego non é unha lingua apta para o mundo urbano e, probabelmente por vergoña, falaba español na cidade por medo a que o asociasen coa aldea ou por considerar que a súa lingua, con todos os preconceptos a ela vinculados, sería un impedimento para conseguir parella. A súa muller tamén experimentara a mesma mudanza lingüística polos mesmos motivos. Con todo, agora que ían ter unha filla, finalmente decidiran recuperar a súa lingua para educala en galego favorecendo así á conservación do idioma. Polo xeral, entendemos por “neofalante” aquela persoa que comeza a falar de cero unha nova lingua, mais o protagonista do relato, un home que leva uns once anos sen falar o seu idioma orixinario, tamén pode ser considerado, en certa medida, un neofalante. E é que no proceso de revitalización lingüística, non só se necesita atraer novos falantes senón tamén recuperar aqueles que abandonaron o idioma.

En *Made in Galiza*, tamén podemos atopar tres textos de creación que teñen como centro temático exclusivo o ecoloxismo. Un exemplo podería ser “Os homes das sulfatadoras” (Sende 2007: 83), en que Sende denuncia nun só parágrafo a contaminación masiva de hortalizas e froitas con fins económicos, a través do uso de sulfitos para garantir unha maior conservación destes alimentos e combater as pragas. O texto destaca polo seu marcado carácter visual, xa que describe a contaminación da paisaxe como se dun cadro se tratase. Os homes das sulfatadoras serían os “pintores” que van transformando os campos coa “acuarela azul”. Esta cor, contrariamente ao obxectivo que persegue, é representada como unha “praga” e está asociada a conceptos negativos como a artificialidade e a contaminación, contrastando coa cor vermella dos tomates, o branco dos feixóns, ou o verde das verduras, que representan o que é natural e saudábel.

As vivencias persoais son tamén un dos temas máis frecuentes na obra, contabilizándose un total de seis relatos en que este repertorio é o principal, como é o caso de “O home que agardaba que lle dixesen o que tiña que facer” (Sende 2007: 141-143). O protagonista do texto é un home de carácter abúlico, que carece de iniciativa e personalidade, o que o fai que teña unha gran dependencia dos demais, como se pode percibir no seguinte parágrafo:

Sempre estaba de acordo con todo o mundo e dubidaba cando a xente dubidaba. Non sei que facer hoxe, dicíalle ao primeiro que pasaba. Merca un porco, dicíanlle. Claro, dicía el. Fai unha viaxe en autobús. Claro, claro. Deberías volver ao teu país, parece que o fas de menos. Claro, claro, claro. Tiñas que coñecer unha muller. Ahá, pensaba. (2007: 142)


Cando ninguén lle dicía que facer, prendía a televisión e non facía nada. Nin sequera pensar. Só unha vez pensou durante uns segundos que lle gustaría escribir unha novela, mais non foi capaz nin de decidir por que palabra comezar. Con todo, a súa vida cambia cando coñece a Lucía, unha moza que lle di, entre outras cousas, que se presente a alcalde. O protagonista obedece, mais a súa incapacidade para tomar decisións por si mesmo fai que dimita xa o primeiro día. Así, reúne a toda a veciñanza para que decidan

entre todos e todas o que hai que facer. Unha vez finalizada a reunión, Lucía achégase novamente ao protagonista e dille que tire a televisión pola xanela e aprenda a saber o que quere facer. O proceso foi complicado, mais, con moito esforzo, o home consegue coñecerse a si mesmo, ser máis activo, loitar polos seus soños e, finalmente, escribir novelas.

Deste xeito, podemos constatar que os dous últimos casos analizados mostran como os repertorios temáticos ligados explicitamente á lingua non son exclusivos na obra. Con todo, unha maioría dos repertorios ten a ver con dinámicas de crítica e de transformación social, sexa do punto de vista colectivo (ecoloxismo), sexa do punto de vista individual (reflexións sobre experiencias persoais que levan a realizar mudanzas de vida, para gozar dunha existencia máis libre, máis plena). Así, parece claro que unha das estratexias creativas do autor é entretecer uns e outros procesos (lingüísticos, de transformación social e individual) no conxunto da obra.

### **2.1.2. Descrición e análise de repertorios estilísticos**

Para a contabilización dos repertorios estilísticos da obra seguiu-se exactamente o mesmo proceso que para a contabilización dos repertorios temáticos. A partir da base de datos de Excel extraéronse dúas gráficas, a primeira co número de repertorios estilísticos totais e, a segunda, cos repertorios estilísticos inseridos na categoría “outros xéneros” (OutXen), dado que a partir da análise detallada dos textos identificamos como característica da obra unha grande variabilidade de subxéneros e formas textuais, diferentes dos macroxéneros poesía, narrativa, teatro e ensaio. Hai un total de seis repertorios principais, “monólogo”, “diálogo”, “parábola”, “alegoría”, “humor” e “denuncia”. A estes hai que lles sumar a categoría especial “outros xéneros”, que engloba formas do discurso como a entrevista, o debate, as instrucións, o prospecto, os lemas, o anuncio e o informe.



**Imaxe 5:** Repertorios estilísticos totais en *Made in Galiza*

Como se pode apreciar, o humor é o repertorio estilístico predominante en toda a obra, e está presente nun total de catorce textos dos corenta e dous que compoñen o libro. Na maior parte dos casos, o elemento cómico é transmitido a través da ironía, aínda que tamén hai algún relato de tipo paródico. Moitos dos textos son narrados de xeito monoloxal, uns once en total, mentres que os diálogos tenden a ser máis infrecuentes, aparecendo en sete textos de creación. Hai tamén un total de oito composicións que adquiren un ton de denuncia, moi na liña do espírito reivindicativo da obra xa anteriormente mencionado. Os repertorios estilísticos menos frecuentes son a parábola e a alegoría, contando cada un con tan só catro textos. Como exemplo de parábola poderíamos salientar “A muller que vivía no futuro” (Sende 2007: 27) e como exemplo de alegoría “Madrith” (Sende 2007: 85-89).

Xa que o humor é o repertorio estilístico máis frecuente, analizamos “A lingua máis difícil” (Sende 2007: 69-70) co fin de explicarmos con maior precisión como o autor fai uso deste recurso na construción dos seus textos. A historia comeza cun ton de suspense, definindo o curioso caso dun país “pequeno e descoñecido” en que “había xente

que tardaba anos e anos en se botar a falar a súa lingua” (Sende 2007: 69). Aínda que no texto nunca aparece mencionado o nome deste curioso lugar, un lector galego rapidamente se sentirá identificado coa situación nel descrita, e obviamente saberá ler, a través da ironía, que o autor está a denunciar o conflito lingüístico na Galiza. Esta ironía é expresada maiormente a través dun ton de sorpresa, para salientar o incríbel e surrealista desa situación:

Ninguén puido explicar nunca —nin os científicos da National Geographic, que foron os últimos en estudar a lingua de cabo a rabo— por que, mentres nas máis de 5.000 linguas do planeta a xente comeza a falar as primeiras palabras arredor dos 13 meses —de media, aproximadamente—, nesta lingua moita xente tardaba anos e anos e nalgúns casos máis anos en comezar a pronunciar as primeiras sílabas (Sende 2007: 69)

O texto posúe tamén un carácter hiperbólico e, por tanto, abundan as exaxeracións. O caso máis notábel atopámolo ao final da historia, cando Sende emprega a repetición para insistir novamente na incríbel dificultade desa lingua: “era tan difícil que nas escolas mesmo había profesores e profesoras que non conseguían falala” (2007: 70), “era tan, tan difícil que case ninguén lle chamaba polo seu nome” (2007: 70), “era tan, tan, tan difícil que algunha xente nin sequera conseguía dicir Bo día, Ola, Boa noite ou Adeus” (2007: 70), “era unha lingua tan extremadamente difícil que mesmo había xente que, dada a dificultade e a frustración, acababa emigrando para outros países” (2007: 70).


A denuncia é outro dos repertorios estilísticos máis importantes na obra. De feito, dous dos textos anteriormente analizados dentro do capítulo de repertorios temáticos xa tiñan atribuído este repertorio estilístico. Cómpre salientarmos que Sende tende a expresar a denuncia de dous xeitos: con humor e sen humor. Entre as denuncias deste último tipo podemos pór o exemplo de “O can de Sabucedo” (2007: 79). Este é un relato macabro, en que se denuncia a precaria e hostil situación da muller durante a Guerra Civil española. “O can de Sabucedo” rompe, en certa forma, a liña temporal en que está ambientada a obra, xa que a maioría dos textos pertencen ao período actual en que se publicou o libro.

A única historia que comparte estas evocacións a un tempo pasado, en que tamén hai referencias á Guerra Civil e á emigración é “Unha imaxe vale máis” (Sende 2007: 47-49). “O can de Sabucedo” salienta pola súa escuridade, non só pola temática, senón pola caracterización do ambiente: “era sempre de noite” (2007: 79), “o can negro de Sabucedo” (2007: 79), “a muller cheiraba a fume” (2007: 79), “eran tempos de miseria” (2007: 79). Aliás, a revelación final sobre o motivo do nome do can, Suspiro, é a que verdadeiramente converte o relato en aterrador, retratando con crueza o ambiente violento e miserábel da época: “E chamábanlle Suspiro porque nun suspiro levaba o último alento das vidas que ano tras ano lle botaba a muller que cheiraba a fume, naqueles tempos que a xente prefire olvidar” (2007: 79).

O estilo de denuncia presente neste relato contrasta fortemente co estilo de denuncia presente en “O paracaídas” (Sende 2007: 149-151). Este é xa un relato actual, de tipo paródico, en que, a través da indignación dunha avoa, se denuncia a situación diglósica do galego. A protagonista é unha anciá galegofalante, que se mudou da aldea para a cidade para ser atendida pola súa “familia”. A muller admite que xa nin os reconece, porque “xa nin falan como eu falo” (Sende 2007: 149). O feito de a súa familia mudar de lingua unha vez se mudar á cidade, claro exemplo de diglosia, desconcerta á pobre anciá, así como todas as modernidades do seu novo lugar de residencia, desde o ascensor até os nomes curiosos como “Chenifer”. O feito de a muller se expresar dun xeito coloquial e dicir sen medo todo aquilo que a molesta axuda a que o lector empatice mellor co seu sufrimento, á vez que tamén lle resulte divertida e mesmo lle poida lembrar á súa propia avoa: “Que abuelita e que ghato morto, e que carallo vai ser esta familia miña, que parece que andan todo o día con papas na boca” (Sende 2007: 150)”. Con todo, embora o texto presentar un ton cómico, nomeadamente debido á linguaxe coloquial da avoa e á súa desenfadada actitude, tamén se pode apreciar unha certa tristeza cara ao final



do relato, en que a muller admite que ao non ter ninguén con quen falar na súa lingua e ao vivir nun ambiente tan diferente ao seu, se sente como unha estranxeira na súa propia terra, incomprendida e soa. Porén, o texto volta a retomar o seu ton cómico ao final, cunha petición da avoa para que lle traian un paracaídas e así saír pola cornixa e fuxir cara a un lugar en que a xente “fale normal”.




**Imaxe 6:** Outros xéneros como repertorios estilísticos en *Made in Galiza*

Como se pode apreciar na gráfica, os textos que conforman a categoría “Outros Xéneros” (OutXen), son poucos. A entrevista como formato discursivo está presente en tan só dous relatos, “A superficie das palabras” (Sende 2007: 53-56) e “A primeira boneca que fala galego” (Sende 2007: 131-134). Ambas son entrevistas radiofónicas emitidas por “Radio Fusión”. Os textos “NH positivo” (Sende 2007: 127-130), “Instrucciones para aprender a hablar gallego” (Sende 2007: 35-37), “Laboratorios sociais de normalización lingüística” (Sende 2007: 135), “Eu nunca serei yo” (Sende 2007: 109), “Método de autohipnose para falar galego” (Sende 2007: 101) e “Estudo sociolingüístico sobre a

mocidade baixo os efectos das drogas” (Sende 2007: 61-65), correspóndense cos xéneros do debate, as instrucións, o prospecto, o lema, o anuncio e o informe, respectivamente.

“Laboratorios sociais de normalización lingüística” (Sende 2007: 135), “Eu nunca serei yo” (Sende 2007: 109) e “Método de autohipnose para falar galego” (Sende 2007: 101) son quizais os textos que máis se afastan das convencións dun texto de ficción (non teñen argumento, personaxes, espazo etc.) e usan "xéneros" propios da comunicación pragmática (non literaria).

Por exemplo, en “Laboratorios sociais de normalización lingüística”, ofrécesenos o prospecto dun medicamento, neste caso a lingua galega, coas súas respectivas propiedades, indicacións, contraindicacións, incompatibilidades, efectos secundarios, advertencias etc. Neste orixinal formato, o autor aproveita para denunciar o conflito lingüístico na Galiza á vez que incorpora información sobre o propio idioma, como a súa orixe e a familia lingüística á que pertence. Así, o mal ou a principal doenza da nosa sociedade sería a diglosia, e o medicamento para a súa curación o galego, de aí que haxa que aumentar a súa presenza e prestixio e que, ironicamente, este medicamento deba estar “ao alcance dos nenos e das nenas” (2007: 136).



**Imaxe 7:** exemplo de “prospecto” en *Made in Galiza*

## 2.2. A República das Palavras

Para a análise e organización de toda a información sobre *A república das palabras* empregouse a mesma base de datos (BD) que para *Made in Galiza*, xa que deste xeito a comparación entre ambas as obras é moito máis rápida e sinxela. O esquema de clasificación de información foi exactamente o mesmo:

Na “folla básica” da BD, hai un primeiro bloque de columnas (cor amarela) en que se inclúen o título do texto, a obra á que pertence, o seu xénero e a norma ortográfica en que está escrito. A seguir, creouse un grupo de columnas (cor verde) destinada á incorporación da información referida aos repertorios temáticos (RT1, RT2, RT3). Ao igual que para *Made in Galiza*, estableceuse un máximo de tres repertorios temáticos por texto, ordenados por grao de importancia, sendo así o RT1 o tema principal e o RT2 e o RT3 os secundarios. No terceiro bloque de columnas (cor azul) inclúense os repertorios estilísticos (RE). Tamén se estableceu un máximo de tres, ordenados por grao de importancia. Finalmente, tamén se creou un campo de “notas” para apuntar datos máis específicos sobre os repertorios temáticos ou de estilo co fin de favorecer a unha mellor análise do texto de creación.

Título	Obra	Xénero	Ortografía	RT1	RT2	RT3	RE1	RE2	RE3	Notas
Fragilidade	Rpalavras	Narrativo	AGAL	VivPers	Sociopolítica		Alegoría			
Flash	Rpalavras	Narrativo	AGAL	VivPers			Diálogo	Humor		Cxeracional
Quero-te	Rpalavras	Poesía	AGAL	Amor			Monólogo			
Guía sexual da sociolinguística	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Confling			OutXen	Comparación	Humor	Guía
O sol e os carricoes	Rpalavras	Narrativo	AMBAS+Esp	Ecologismo	VivPers	Lingua	Alegoría			
A mulher do vestido vermelho	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Sociopolítica	Lingua		Parábola			
A mugideira	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Mocidade	VivPers		Humor			Conversate
A mulher e os caracóis	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Sociopolítica			Alegoría			<b>Machismo</b>
A guitarrista e a terra	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Identidade			Alegoría	Humor		
As palavras de Kunta Kinte	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Lingua	Sociopolítica	Identidade	Denuncia			
Palavras	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Lingua	VivPers		Diálogo	Humor		Ironía
O peixe voador	Rpalavras	Narrativo	AGAL	VivPers			Diálogo			
No autocarro	Rpalavras	Narrativo	AGAL	VivPers	Infancia		Monólogo	Humor		
Estimado senhor Malkovich	Rpalavras	Narrativo	AGAL	VivPers	Confling		OutXen			Epístola
Todo muda quando eu sonho	Rpalavras	Poesía	AGAL	VivPers	Identidade		Monólogo			
Os 100 corvos faladores	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Sociopolítica			Alegoría			Memoria his
O canto do mantel	Rpalavras	Narrativo	AGAL	VivPers			Diálogo			
A língua da mulher de verde	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Lingua	Sociopolítica		Alegoría	Denuncia		Estrés/...
Falarás a nosa lingua	Rpalavras	Poesía	AGAL	LinGal	Infancia		Monólogo			Un pai/nai de
Coelho	Rpalavras	Narrativo	AGAL	VivPers			Humor			Só ao final de
O anzol	Rpalavras	Narrativo	AGAL	Infancia	Sociopolítica		Diálogo	Parábola		Un nenno vingu

**Imaxe 8:** Folla básica sobre *A república das palabras* (vista parcial)

A segunda folla da BD é a de repertorios. A organización por columnas é igual á empregada para *Made in Galiza*. Así, temos un primeiro bloque de columnas (cor azul) que inclúe os repertorios temáticos totais, que nesta ocasión son dous menos que na obra anterior (desaparecen os temas do “capitalismo” e da “morte”), e os códigos coas abreviaturas correspondentes dos termos máis longos. A seguir, temos un bloque de dúas columnas (cor verde). A primeira contén repertorios estilísticos principais, que son exactamente os mesmos que os encontrados en *Made in Galiza*, e a segunda inclúe as abreviaturas. A columna “descricaoión” foi eliminada desta vez, xa que os termos que precisaban unha definición máis específica xa foran explicados na obra anterior. A última columna, alén de incluír os xéneros principais dos textos como son a narrativa e a poesía, tamén contén a categoría “OutXen”, que engloba os repertorios estilísticos máis secundarios. Esta categoría estaba conformada por sete xéneros en *Made in Galiza*, mais n’*A República das Palavras*, só se atoparon tres: “guía”, “manifesto” e “epístola”.

REPERTORIOS TEMÁTICOS Código		REPERTORIOS ESTILÍSTICOS Código		XÉNEROS
Vivencia persoal	VivPers	Monólogo		Narrativa
Amor		Diálogo		Poesía
Conflicto lingüístico	ConfLing	Parábola		OutXen
Neofalantes		Alegoría		Guía
Ecoloxismo		Humor		Epístola
Sociopolítica		Denuncia		Manifesto
Mocidade		Outros xéneros	OutXen	
Identidade				
Lingua				
Lingua Galega	LinGal			
Infancia				
Diglosia				


**Imaxe 9:** Folla de repertorios sobre *A república das palabras* (vista parcial)

*A República das Palavras* foi publicada por primeira vez en 2015 pola editorial Através, e conta cunha segunda edición en abril do ano 2016. Esta obra está formada por un conxunto de relatos dos cales a metade xa foran publicados en diferentes espazos da rede e en diferentes medios dixitais; a outra metade son inéditos. A obra, considerada pola crítica como unha continuación de *Made in Galiza*, destaca o incríbel poder das palabras para transformar o mundo, e compartilla moitos repertorios temáticos con esta última,

como poden ser o ecoloxismo, o amor, as reflexións sobre determinadas experiencias persoais etc. N'A *República das Palavras*, Sende segue a manter ese espírito reivindicativo e de denuncia social, xa presente en *Made in Galiza*, e reafirma o seu forte compromiso coa defensa da lingua galega. Os textos están escritos en ortografía portuguesa, seguindo as indicacións do chamado "Acordo ortográfico". O feito de empregar este modelo ortográfico, o modelo en que publica Através Editora, posto que é o selo editorial da Associação Galega da Língua (AGAL), é un dos principais trazos que diferencian esta obra de *Made in Galiza*. Nesta última, seguíase a norma oficial da Real Academia Galega, aínda que xa se incluían dous textos escritos en ortografía reintegracionista. De feito, *Made in Galiza* sería a última obra que publicaría seguindo a norma oficial, iniciándose así a súa etapa reintegracionista co seu libro de poesía *Animais* (2010) e posteriormente con *O caçador de bruxas* (2011), *Viagem ao Curdistám* (2012) e *A República das Palavras* (2015).


### 2.2.1. Descrición e análise de repertorios temáticos

De acordo coa base de datos realizada en Excel, os repertorios temáticos totais presentes n'A *República das Palavras* son os seguintes:



**Imaxe 10:** Repertorios temáticos totais n’*A República das Palabras*

Como se pode observar, os datos tirados desta gráfica confirman a continuidade temática entre *Made in Galiza* e *A República das Palabras*. Por un lado, as experiencias persoais voltan a ser o repertorio temático máis frecuente, sendo o tema principal (RT1) de once dos trinta e nove textos totais que conforman a obra, e aparecendo como RT2 en catro textos máis. A denuncia social, inserida na categoría de “sociopolítica”, establécese como RT1 en sete dos trinta e nove relatos totais, e como RT2 noutros cinco. O compromiso de Sende coa defensa da lingua galega e coa denuncia da súa precaria situación segue a ser un dos seus obxectivos principais, e os textos que teñen como tema principal a lingua galega son oito, cifra que obtemos da suma das categorías “Confling”, “Neofalantes”, “Diglosia”, e “LinGal”. Porén, estes temas están presentes de forma máis secundaria noutros relatos, aparecendo así o “conflito lingüístico”, a “diglosia” e a “lingua galega” como RT2 noutras dúas ocasións cada un. A seguir, incluimos a gráfica cos repertorios temáticos principais:



**Imaxe 11:** repertorios temáticos principais n’*A República das Palabras*

Tras a contabilizarmos os temas con maior presenza na obra, analizáronse tres textos representativos dos repertorios temáticos que aparecen máis veces como repertorios principais nos diferentes textos.

En “O día que os meus Ñs se tornaram em NHs” (Sende 2015: 143-144), o autor explica de primeira man como é que comezou a escribir segundo a norma reintegracionista, como foi o momento en que os seus “ñs” se tornaron “nhs”. Este texto é un claro exemplo de narración dunha vivencia persoal mais cun claro fondo lingüístico e político. O feito de o autor escoller diferenciar a norma oficial da non oficial enfrontando o “ñ” co “nh” e non outro tipo de trazos lingüísticos, non é casual. O “ñ” está considerado como o símbolo do idioma español, posto que esta letra non existe en ningunha outra lingua do mundo (na documentación histórica en galego o fonema palatal sonoro /ɲ/ era representado maioritariamente coa grafía “nh”). Deste xeito, o autor salienta sutilmente a contaminación lingüística que sofre o noso idioma derivada da cada vez maior presenza do español na nosa terra e da situación diglósica que nela ten lugar. Así, o “ñ” convértese no símbolo de España e o “nh” no símbolo da Galiza, de aí que, ao usarmos esta última grafía, esteamos voltando ás raíces do idioma, a un galego libre da interferencia do español, de aí que o autor afirme “o que antes escribía como río Miño passou a ser Minho, e desde aquela parece que o río Minho é mais meu. E a minha vida mudou, e agora é mais minha” (Sende 2015: 143).

Neste texto tamén se fai referencia ao poder transformador das palabras, xa anteriormente mencionado. Cada lingua representa unha visión da realidade á que pertence e actúa como símbolo de identidade da comunidade que a emprega. Así, cada vez que unha lingua desaparece, perdemos unha forma de percibir e entender o mundo. A forma en que escribimos un idioma, empregando unha norma lingüística ou outra, tamén é capaz de transformar a realidade. O autor fala da “energía transformadora das

palavras”, de que “a linguagem e as línguas mudam o mundo”, e de que na Galiza “as palabras escritas con NH têm uma energia especial [...] para mudar o meu país” (Sende 2015: 144).

Nunha entrevista concedida a Através Productora para a promoción desta obra, Séchu Sende afirma que este texto en concreto tamén constitúe “uma metáfora do que está a viver uma parte da nossa sociedade, que é a descuberta duma nova forma de viver em galego”<sup>6</sup>, facendo referencia ao feito de a corrente reintegracionista estar a gañar falantes e usos para a nosa lingua.

A sociopolítica volta a ser tamén un dos repertorios temáticos máis frecuentes. Con todo, n’A *República das Palavras* a figura da muller conta cunha maior presenza do que en *Made in Galiza* e mesmo poderíamos incluír o “machismo” como categoría específica dentro do repertorio sociopolítico. Na entrevista anteriormente mencionada concedida a Através Productora, Sende confirma que se baseou nas experiencias das mulleres e nenas do seu entorno para construír algúns dos relatos. Algúns deles, constitúen unha clara denuncia social dos abusos que sofre o colectivo feminino derivados da sociedade patriarcal en que vivimos, como por exemplo “Tetas” (2015: 119-121) ou “A mulher e os caracóis” (2015: 39- 41). Este último, é unha alegoría do acoso que experimenta unha muller (sen nome, para concederlle unha maior universalidade e así representar a todo o colectivo feminino) por mor dos caracois (que representan ao colectivo masculino) que a incomodan e a perseguen cando vai soa a calquera sitio, xa sexa nos xardíns da cidade, no caixeiro automático, no mercado, na biblioteca, no cinema etc.

---

<sup>6</sup> Entrevista dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=1pq6FBY61m0>



Sende narra como o acoso comezou cando a muller acababa de entrar xusto na adolescencia, con tan só trece anos, e xa nunca máis cesou. Os caracois son descritos de xeito desagradábel, case sempre acompañados de adxectivos como “babosos” ou “silenciosos e babugentos” (2015: 40). O medo e o incomodo da muller están presentes durante todo o relato, e até se afirma que “mais um dia, apressou o passo” (2015: 41). O feito de a sociedade patriarcal permitir e mesmo xustificar este acoso ás mulleres con excusas machistas referidas ao xeito de se vestir e de se acicalar do colectivo feminino para “supostamente” atraer e seducir os homes, fica claramente representado na escena en que os científicos intentan descubrir o motivo polo que os caracois non deixan de perseguir á muller. Todas os experimentos que realizan afectan á muller, mais nunca estudan os caracois. Parten da premisa de a muller ser a causa do problema, isto é, culpabilizan á vítima mentres perdoan o comportamento dos caracois (homes). A propia protagonista critica este feito: “devem estudar os caracóis, não a mim. Eles são os que se comportam de jeito estranho” (2015: 40). Porén, no relato tamén se admite que non todos os caracois (homes) son iguais, e que hai algúns que tamén respectan á muller.


Finalmente, e como exemplo de texto que ten como repertorio temático principal a cuestión lingüística, analizamos “Aprender a não falar galego” (2015: 129-131). Nel, e desde o punto de vista dunha experiencia en primeira persoa que poderíamos asociar coa propia experiencia do autor, criticase a opresión que sofre a lingua galega dentro do ámbito educativo principalmente, mais tamén fóra dos centros de ensino. O texto salienta que cómpre diferenciarmos entre “a gente que não aprendeu a falar galego e a gente que aprendeu a não falar galego” (2015: 130). No primeiro caso, aínda existe a posibilidade de as persoas aprenderen a falaren o idioma nun futuro (neofalantes), mais aquela xente que aprendeu a “non falar o galego” e que mostra, por tanto, unha longa serie de preconceptos sobre a lingua, só pode aprender a falalo desaprendendo ditos prexuizos, o

cal presenta unha gran dificultade. A intertextualidade aparece tamén ao final do texto, que termina coa frase “E não riades, que o conto é triste” (2015: 131) aludindo ao relato “Vou contarvos un conto triste”, que pertence á obra *Cousas*, de Castelao.

Así, podemos comprobar a continuidade temática entre *Made in Galiza* e *A República das Palavras*, sendo a denuncia social e a situación lingüística da nosa terra a base principal de ambas as obras. Con todo, a presenza da muller é máis intensa nesta segunda obra, incluíndo temas que teñen a ver directamente coa denuncia do machismo na nosa sociedade, sempre desde un punto de vista feminino. As vivencias persoais son mesmo máis frecuentes do que en *Made in Galiza*, outorgándolle á obra un carácter máis “íntimo”, e adoitan seren utilizadas polo autor como medio de denuncia. De feito, dúas das obras anteriormente mencionadas, “O día que os meus Ñs se tornaram em NHs” (2015: 143-144) e ““Aprender a não falar galego” (2015: 129-131), son un claro exemplo disto.

### 2.2.2. Descrición e análise de repertorios estilísticos

Segundo os resultados da nosa base de datos, os repertorios estilísticos totais nesta obra son os seguintes:




### **Imaxe 12:** Repertorios estilísticos totais n’A *República das Palavras*

Como podemos apreciar na gráfica, o humor, ao igual que en *Made in Galiza*, segue a ser o repertorio estilístico máis frecuente estando presente en doce dos trinta e nove textos de creación, seguido da denuncia, con nove textos e da alegoría con sete. O estilo monoloxal segue a superar ao dialoxal, mais só por un texto de diferenza. A parábola está presente unicamente en tres historias.

Posto que o humor se erixe como o repertorio estilístico máis frecuente, analizamos “Um passodobre espanhol” (Sende 2015: 101-103). O texto, narrado en primeira persoa, consiste nunha queixa sobre como a sociedade actual está totalmente deseñada para satisfacer os gustos da xente maior mentres se ignora á xente nova. A narradora quéixase a unha compañeira, de como un “grupinho de jubilados” se apoderara do teleclubes en que eles levaban anos facendo festas aos sábados. A moza explica como os “velhos” aparecen un día e lles din que queren facer eles o baile no local o mesmo día. O grupo de mozos intenta negociar con eles e ofrécelles o local para os domingos ou os venres, mais os vellos insisten en que debe ser os sábados. Con grande enfado e impotencia, a narradora conta como o grupinho de xubilados consegue botalos pola forza de alí, e diríxese directamente a súa amiga con fórmulas como “Vale tia, a cousa é assim” (2015: 101), “e assim estamos tia...Parece mentira” (2015: 102) ou “Tu que pensas, tia? Tu que farias?” (2015: 103). O texto presenta un estilo coloquial, reproducindo o máis fielmente posíbel a linguaxe xuvenil, e contén unha gran cantidade de insultos e expresións malsoantes para salientar o profundo enfado da protagonista: “E todo vai bem, de puta madre [...], até que um dia [...] aparece um grupinho de jubilados” (2015: 101), “Óstia para os velhos” (2015: 101), “me cagho na cona que os botou” (2015: 102), “que o mundo está feito à medida dos velhos, óstia” (2015: 102). A comicidade nalgúns momentos do relato é transmitida de xeito hiperbólico, para salientar o ridículo do

enfrentamento entre a mocidade e os xubilados, como cando se menciona que, no “primeiro asalto”, os vellos chegaron con varas, paus e mesmo un sachó para intentar botar os mozos e as mozas fóra. Xa ao final da narración, no último enfrentamento entre ambos os bandos, se admite o surrealista da situación:

Aquilo era un pouco surrealista, claro, e os velhos, detrás do mostrador, entrincheirados e, nada mais entrarmos, começaram a guindar-nos vasos e cds e, óstia, demos media volta a fume de caroço, mecá, correram-nos. Ao pouco já estavam Viva, viva! E nós fora com cara de parvos e dentro, a todo volume, um passodobre espanhol (Sende 2015: 103).



**Imaxe 13:** Outros xéneros como repertorios estilísticos n’A *República das Palavras*

Os textos inseridos dentro da categoría “outros xéneros” (OutXen) son moi poucos, como podemos comprobar nesta gráfica. Tan só hai tres: unha guía, “Guia sexual da Sociolingüística” (Sende 2015: 19-22), unha epístola, “Estimado senhor Malkovich” (Sende 2015: 61-63) e un manifesto, “Manifesto publicitário da língua” (Sende 2015: 97-100). Se a categoría “OutXen” xa contaba con poucos textos en *Made in Galiza*, uns oito en total, n’A *República das Palavras* a porcentaxe deste tipo de composicións é aínda menor. Con todo, cómpre salientarmos que os formatos como a guía, a epístola, e o manifesto, son completamente novos, pois non aparecen rexistrados no *Made in Galiza*.

Mentres que o formato epistolar ou o manifesto adoitan ser repertorios estilísticos máis frecuentes ou tradicionais, a “Guía sexual da Sociolingüística” (Sende 2015: 19-22) posúe unha maior orixinalidade, especialmente polo feito de ligar o discurso da normalización da lingua co pracer, establecendo unha analogía entre a sensación de satisfacción que experimentamos cun bico e o que se sente ao falar o galego por primeira vez. A guía está composta por dezaseis puntos, algúns máis focados na denuncia da situación da lingua (7, 11 ou 12, por exemplo), e outros dirixidos aos neofalantes, a animar á xente a falar o galego (4, 6, ou 8):

11. “Há pessoas que têm problemas psicológicos que lhes impedem dar à língua com normalidade. Esses problemas -identificados pola sociolingüística como diglosia, auto-ódio...-têm solução.” (Sende 2015: 21)

6. “Há pessoas que gostariam de provar porque intuem que vão gostar mas...Cortam-se! Não te acovardes, desinibe-te e goza com a língua”. (Sende 2015: 20)

### **3. Conclusións**

Este traballo consistiu nunha primeira análise da traxectoria de Séchu Sende dentro do sistema literario galego das últimas décadas e no estudo do activismo lingüístico do autor ao longo da súa carreira literaria, empregando como obxecto de análise as obras *Made in Galiza* (2007) e *A República das Palavras* (2015).

Así, este estudo dividiuse en dúas partes. Na primeira, sintetizamos a traxectoria do autor desde os seus inicios como poeta nos anos 90, vinculado ao grupo Serán Vencello, apostando pola defensa dunha nova forma de entender a poesía, máis dinámica e interactiva, e non restrinxida ao formato libro nin á lectura íntima. A partir da década de 2000, Sende inicia a súa carreira como narrador, publicando na Editorial Galaxia o seu

primeiro romance, *Orixo* (2004) e tres anos máis tarde, en 2007, *Made in Galiza*, a súa obra máis coñecida. Tamén recolleemos a progresiva aposta do autor polo reintegracionismo, que acabará por se converter na normativa que empregará nas súas catro últimas obras: *Animais* (2010), *O caçador de bruxas* (2011), *Viagem ao Curdistán* (2012) e *A República das Palavras* (2015). Alén de analizarmos a obra literaria do autor, tamén salientamos o seu activismo social, e o seu compromiso con diversos colectivos ecoloxistas e coas mobilizacións impulsadas na última década polas plataformas Nunca Máis e Galiza Non Se Vende, entre outros.

A segunda parte deste traballo estivo xa focada no estudo e na análise das obras *Made in Galiza* (2007) e *A República das Palavras* (2015), a partir das cales fixemos unha base de datos empregando o programa Excel co obxectivo de clasificarmos a información de ambos os libros (título de cada un dos textos inseridos nas obras e xénero ao que pertencen, normativa en que están escritos, principais repertorios temáticos e estilísticos etc.) e sustentarmos a análise dunha maneira máis rigorosa. Grazas a esta, puidemos crear diferentes gráficas sobre os repertorios temáticos e estilísticos máis frecuentes en cada obra, as cales facilitaron unha rápida análise contrastiva entre os textos estudados. Así, a realización deste traballo permitiunos tirar as seguintes conclusións, que dan resposta aos obxectivos inicialmente formulados:

En primeiro lugar, e en relación coa traxectoria de Sende no sistema literario galego das últimas décadas, constatamos, desde a teoría dos polisistemas de Even-Zohar, como a súa produción poética e narrativa avanza desde a periferia, nos seus inicios como poeta e publicando en editoras pequenas como Letras da Cal, até unha posición máis central, con obras como *Orixo* (2004) ou *Made in Galiza* (2007), publicadas por unha editorial de prestixio como Galaxia e galardoadas con importantes premios. Porén, nos últimos anos, a aposta de Sende polo reintegracionismo e por unha idea de literatura máis

conectada cos movementos sociais, volta situar a produción literaria do autor na periferia, recorrendo a proxectos editoriais como Através Editora ou Edicións do Trece, ou a autoedición, para a publicación dos seus últimos traballos.

En segundo lugar, comprobamos a forte influencia do activismo lingüístico e social do autor na súa traxectoria literaria grazas á detida análise realizada sobre as obras que constituíron o obxecto de estudo deste traballo. Ambos os libros teñen como obxectivo principal a denuncia do conflito lingüístico e a defensa do idioma, mais desde unha perspectiva innovadora e impregnada dun forte didactismo. Sende aposta por unha alternativa pedagóxica para a lingua, entendendo o ámbito do ensino como escenario principal do conflito lingüístico, e reconece os neofalantes como suxeitos esenciais para a recuperación do galego, de aí que varios relatos estean dedicados a eles en ambas as obras estudadas. Cómpre tamén salientarmos a progresiva aposta de Sende polo reintegracionismo, corrente en que mostra un perfil específico, menos vinculado á vertente filolóxica e máis próximo ao compoñente social.

En terceiro lugar, e após a comparación entre *Made in Galiza* (2007) e *A República das Palavras* (2015), constatamos unha continuidade temática entre ambas as obras. Os repertorios principais son fundamentalmente tres: a cuestión lingüística, a denuncia social e as vivencias persoais. Con todo, a presenza da muller é máis intensa na segunda obra, en que podemos atopar textos protagonizados por personaxes femininos que sofren situacións machistas derivadas da sociedade patriarcal en que vivimos. Canto aos repertorios estilísticos principais, comprobamos que o humor é o repertorio predominante en ambos os libros, seguido da denuncia. Os textos narrados de forma monoloxal son máis frecuentes que os diálogos e *A República das palabras* posúe un maior número de textos alegóricos (sete), do que *Made in Galiza* (catro).

Aliás destas semellanzas e diferenzas temáticas e estilísticas entre ambas as obras, cómpre tamén salientarmos as diferentes normas ortográficas en que están escritas. *Made in Galiza* segue a norma oficial ditada pola Real Academia Galega (RAG), mais inclúe a escrita reintegrada por primeira vez en dous dos textos que compoñen o libro. Este feito é moi significativo, xa que Galaxia non publica obras nunha ortografía diferente á oficial. De feito, *Made in Galiza* será o último traballo de Sende escrito de acordo coa norma oficial. Así, *A República das Palavras* xa está escrita integramente en ortografía portuguesa, seguindo as indicacións do chamado "Acordo ortográfico". A satisfacción do autor con esta mudanza ortográfica está presente nalgún dos relatos, afirmando que o galego en que escribe agora é máis “seu”.

Por último, canto á experiencia formativa e de aprendizaxe derivada de facer o presente TFG, valoramos de forma moito positiva o emprego, por vez primeira, de técnicas de estudo e investigación relacionadas coa clasificación de datos empíricos mediante aproximacións porcentuais e estatísticas, aprendendo así a crear unha base de datos que nos facilitou a organización, esquematización e análise da información referida a ambas as obras estudadas, permitindo a súa rápida comparación e a creación de gráficas para expor de forma máis sinxela todos os resultados deste traballo.

#### **4. Bibliografía**

Even-Zohar, Itamar (2017): “El sistema literario” en *Polisistemas de Cultura*. (Tel Aviv:

Laboratorio de investigación da cultura da Universidade de Tel Aviv) Disponível en:

[https://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/polisistemas\\_de\\_cultura2007.pdf](https://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/polisistemas_de_cultura2007.pdf) [Consult. 27.04.2021].

Lourido, Isaac (2014): *Livros que nom le ninguem* (Santiago de Compostela: Através Editora).



- Naia Sánchez, Xián (2019): *O subsistema da regueifa na cultura galega actual: Estrutura, institucións, agentes e repertórios antagonistas* (A Coruña: Universidade da Coruña). Disponível em: <http://hdl.handle.net/2183/24730> [Consult. 27.05.2021]
- Rivas, Aarón L. (2013): “A questom do galego é mui fácil de comprender para o povo curdo”. *Novas da Galiza*, 123, p. 28. Disponível em: <http://novas.gal/wp-content/uploads/2016/10/ngz123.pdf> [Consult. 25.05.2021]
- Seara, Teresa (2020): “Semblanza de Letras de Cal (Santiago de Compostela, 1997-2002)” (Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes). Disponível em: <http://www.cervantesvirtual.com/obra/-letras-de-cal-editorial-editorial-santiago-de-compostela-1997-2002-semblanza-1048113/> [Consult. 20.04.2021]
- Sende, Séchu (2007): *Made in Galiza* (Vigo: Galaxia).
- Sende, Séchu (2015): *A República das Palavras* (Santiago de Compostela: Através Editora).